CIENCIAS SOCIAIS, XEOGRAFÍA E HISTORIA

2 ESO

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

IES RIBEIRA DO LOURO (O PORRIÑO)

2019-20

CIENCIAS SOCIAIS 2º ESO

Os contidos de 2º de ESO divídense en dous bloques , un de Historia que abrangue dende a fin da Antigüidade ata o nacemento do Mundo Moderno, segundo unha secuencia cronolóxica e outro de Xeografía....

Tanto para a Xeografía como para Historia neste segundo curso desenvolveranse os contidos do xeral ao particular, traballando con contidos máis globalizados.

En Historia os contidos cos que o alumnado comezará o seu traballo enlazan cos traballados no primeiro curso para avanzar no seu coñecemento do tempo histórico durante a Idade Media ata chegar ó nacemento do Mundo Moderno. É preciso tamén facer emerxer no seu estudo suxeitos históricos ata hai pouco moi silenciados, como as mulleres, a clase obreira, os pobres... dándolles o protagonismo que lles corresponde.

En Xeografía os procedementos irán encamiñados ó recoñecemento de cuestións relativas á Xeografía Física e Humana, traballando tanto aspectos relativos ó relevo físico e ás paisaxes, coma aspectos relativos á demografía e ao proceso de urbanización.

Obxectivos para o curso

1. Debuxar a situación económica, social e política dos reinos xermánicos.
2. Analizar as características da Alta Idade Media en Europa.
3. Identificar a problemática da falta de fontes históricas para a análise da Alta Idade Media.
4. Analizar as consecuencias da organización feudal.
5. Afondar nos aspectos socio-económicos, políticos e culturais no contexto da evolución dos reinos cristiáns e musulmáns.
6. Analizar o proceso de conquistas e o repoboación dos reinos cristiáns na Península Ibérica.
7. Establecer relacións entre os proceso de conquistas e repoboación dos reinos cristiáns e al-Ándalus.
8. Apreciar o valor da arte na Idade Media e as súas diferentes funcións.
9. Comprender os efectos da crise da Baixa Idade Media na análise das consecuencias económicas e sociais que derivan dela.
10. Describir as características concretas do medio físico de España e de Galicia.
11. Localizar no mapa de España e de Galicia as principais unidades e elementos do relevo.
12. Coñecer, describir e situar no mapa, os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico español e galego.
13. Coñecer os riscos naturais e problemas medioambientais de España, e os principais espazos naturais protexidos de España e de Galicia.
14. Afondar na análise da poboación, movementos migratorios, características e evolución.
15. Reflexionar sobre a distribución da poboación europea, a súa evolución, dinámica, migracións ou políticas de poboación.
16. Identificar como se organiza o territorio español e galego.
17. Analizar as grandes zonas urbanas, a densidade de poboación e as migracións no comentario de mapas do mundo.
18. Coñecer as características das cidades españolas e galegas, e a distribución urbana no espazo.
19. Identificar os proles e as contras do proceso de urbanización en Europa.

Unidades temáticas

0. Aproximación á Historia

1. O tempo histórico: cambio e continuidade; diacronía e sincronía; as idades da historia.
2. As fontes históricas.
3. Vocabulario histórico e artístico.

1. A fragmentación do mundo antigo

1. A fin do Imperio romano.
2. O reino suevo de Galicia.
3. Os visigodos en Hispania.
4. Bizancio, o Imperio romano de Oriente.
5. O Imperio Carolinxio.
6. A aparición do Islam.

2. Al Andalus

1. Formación e expansión do Islam.
2. A conquista de Al-Andalus.
3. A evolución de Al-Andalus (929-1492).
4. A arte andalusí.

3. A Europa feudal

1. A sociedade medieval.
2. A monarquía feudal.
3. Os privilexiados: nobleza e clero.
4. O feudo: señores e campesiños.

4. A cultura e a arte do Románico

1. A arquitectura románica.
2. A pintura románica.
3. A escultura románica.
4. O románico na Península Ibérica e Galicia.

5. Os reinos peninsulares: formación e evolución (séculos VIII-XIII)

4. Os primeiros reinos cristiáns: de reino de Asturias ao reino de León.
5. Os primeiros reinos cristiáns: os condados e os reinos pirenaicos.
6. O reino de Galicia e o Camiño de Santiago.
7. A consolidación dos reinos peninsulares ata o século XIII.

6. Os grandes reinos peninsulares (séculos XIII-XV)

1. Reconquista e a repoboación dos novos territorios.
2. A Coroa de Castela: goberno, sociedade e economía.
3. A Coroa de Aragón: goberno, sociedade e economía.
4. As guerras civís en Castela e Aragón.
5. A revolta irmandiña en Galicia.

7. As cidades da Europa medieval

1. Causas da recuperación urbana.
2. As cidades medievais.
3. Os grupos sociais.
4. A expansión comercial.
5. A crise de Europa na Baixa Idade Media.

8. A cultura e arte do Gótico

1. O nacemento da arte gótica.
2. A arquitectura gótica.
3. A escultura e pintura no gótico.
4. O gótico na Península e en Galicia.

9. Introducción ao espazo xeográfico

1. O medio físico: localización a través das coordenadas xeográficas.
2. O medio físico dos continentes.
3. O medio físico da Península Ibérica.
4. O medio físico de Galicia.
5. Os espazos bioclimáticos e as paisaxes da Península Ibérica e de Galicia.

10. Os habitantes do planeta

1. A poboación do planeta.
2. Os países a as cidades máis poboadas do mundo.
3. A estrutura da poboación. As pirámides de poboación.
4. Dinámicas e tendencias da poboación mundial.
5. Os modelos ou réximes demográficos.
6. A poboación europea e a sua diversidade.
7. As migracións hoxe. Os efectos das migracións.

11. A poboación española

1. A distribución e estrutura da poboación española.
2. Dinámicas e tendencias da poboación española. O avellentamento da poboación.
3. O poboamento rural e o poboamento urbano. O despoboamento do rural.
4. España: país de emigrantes, país de inmigrantes.
5. A diversidade da sociedade española.

12. As cidades e os procesos de urbanización

1. Que se entende por cidade.
2. A morfoloxía urbana.
3. As funcións urbanas.
4. Tipoloxía e xerarquía mundial das cidades.
5. As paisaxes urbanas. Os problemas das grandes cidades.
6. O espazo urbano español.

13. Natureza e sociedades: harmonías, crises e impactos

1. Relacións entre natureza e sociedade.
2. A desigualdade nos recursos do planeta.
3. Problemas, impactos e retos ambientais.
4. Desenvolvemento sustentable e xestión de residuos.
5. Países desenvolvidos e países subdesenvolvidos.
6. Os espazos naturais protexidos de España.

Temporalización

Primeira avaliación (setembro –decembro)

0. Aproximación á Historia
1. A fragmentación do mundo antigo
2. Al- Andalus
3. A Europa feudal
4. A arte e cultura do Románico

Segunda avaliación (xaneiro- marzo)

5. A orixe dos primeiros reinos peninsulares (séculos VIII-XIII)
6. Os grandes reinos peninsulares (séculos XIII-XV)
7. As cidades da Europa medieval
8. A cultura e a arte do gótico

Terceira avaliación (marzo –xuño)

9. Introdución ao espazo xeográfico
10. Os habitantes do planeta
11. A poboación española
12. As cidades e os procesos de urbanización
13. Natureza e sociedade: harmonías, crises e impactos

Concreción dos estándares de aprendizaxe

Avaliación	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Concreción dos estándares de aprendizaxe	Mínimos esixidos
P R I M E I R A	**0. Aproximación á Historia**	B3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado. B3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas. B3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais. B3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. B3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. B3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. B3.6.1. Utiliza as fontes históricas e entende os límites do que se pode escribir sobre o pasado.	1. Coñece as principais fontes históricas a través do traballo de documentos diversos: obras de arte, mapas, textos.... 2. Sitúa no espazo: Ordena cronolóxicamente os acontecementos que marcan o inicio e a fin das Idades da Historia. 3. Realización eixes cronolóxicos situando as etapas e idades da historia. 4. Comparación de diferentes mapas (España, Europa...) para observar as diferentes culturas que conviven entre os séculos VII- XV	. 1. Coñecer e identificar as fontes históricas. 2. Identificar as principais etapas e idades da Historia e ordenalas con corrección. 3. Identificar a que século pertence un ano e saber datar os séculos, ordenando as datas correctamente dentro dun século. 4. Identificar e clasificar diferentes fontes históricas.

Avaliación	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Concreción dos estándares de aprendizaxe	Mínimos esixidos
P R I M E I R A	**1. A fragmentación do mundo antigo**	B3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. B3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. B3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. B3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. B3.6.1. Utiliza as fontes históricas e entende os límites do que se pode escribir sobre o pasado. B3.7.1. Compara as formas de vida (en diversos aspectos) do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos	1. Sitúa no tempo: realiza un eixe cronolóxico situando os imperios bizantino, carolinxio, reino visigodo de Toledo, Al- Andalus e os seus acontecemento máis importantes. 2. Sitúa no tempo e no espazo: mapa mudo os imperios europeos existentes entre os séculos VI e VIII. 3. Define termos relativos á unidade: visigodo, suevo, missi dominici, basileus, conde, marca… 4. Comentario de texto acerca das invasións do século V. 5. Comentario dous texto no que se establezan as diferencias entre os modos de vida e goberno dos romanos e os pobos xermánicos	.

Avaliación	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Concreción dos estándares de aprendizaxe	Mínimos esixidos
		B3.9.1. Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior	6. Traballo de síntese: análise das causas que orixinan o o islam.	.
PRIMEIRA	**2. Al-Andalus**	B3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. B3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. B3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. B3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. B3.6.1. Utiliza as fontes históricas e entende os límites do que se pode escribir sobre o pasado. B3.9.2. Explica a importancia de Al-Andalus na Idade Media.	1. Sitúa no tempo: realiza un eixe cronolóxico situando as diferentes etapas de al Andalus e os acontecementos máis importantes 2. Sitúa no espazo: comenta o mapa acerca da conquista e expansión do imperio islámico. 3. Define termos relativos á unidade: xudaría, cadí. Emirato, medina, arco de ferradura… 4. Establece comparacións entre termos: califa/emir; árabe/bérber/musulmán; muladí/mozárabe… 5. Traballo con texos: as cidades de Al-Andalus: Toledo, a cidade das diferentes culturas.	1. Localizar no tempo as diferentes etapas de Al-Andalus, diferenciando con corrección cada unha delas: emirato dependente, emirato independente, califato de Córdoba, reinos de taifas, chegada de almorávides e almohades. 2. Identificar as causas que favoreceron a chegada dos musulmáns á Península Ibérica. 3. Identificar a nova organización social e política que se impuxo en Al- Andalus. 4. Coñecer as principais achegas económicas, culturais e científicas aportadas polos musulmáns.

Avaliación	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Concreción dos estándares de aprendizaxe	Mínimos esixidos
P R I M E I R A		B3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. B3.12.1. Describe características da arte románica, gótica e islámica.	6. Comentario de texto. A economía en Al-Andalus: a agricultura. 7. Traballo de indagación: búsqueda de avances científicos e técnicos achegados polos musulmáns 8. Comentario dun exemplo de arquitectura de Al-Andalus: A mesquita de Córdoba.	.
	3. A Europa feudal	B3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. B3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. B3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. B3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.	1. Sitúa no tempo e no espazo: cpmleta e comenta o mapa da Europa do ano 1000. 2. Define termos relativos á unidade: feudalismo, vasalo, mesnada, cabaleiro… 3. Establece comparacións entre termos: vasalo/servo; reserva señorial/manso; rotación bienal/ rotación trienal…	1. Identificar os principais territorios que conformaban Europa no século XI. 2. Coñecer as causas que favoreceron a aparición do feudalismo. 3.Identificar os diferentes grupos sociais da Alta Idade Media e as relacións de dependencia entre eles.

Avaliación	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Concreción dos estándares de aprendizaxe	Mínimos esixidos
P R I M E I R A	**3. A Europa feudal**	B3.6.1. Utiliza as fontes históricas e entende os límites do que se pode escribir sobre o pasado. B3.8.1. Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños	4. Comentario de textos acerca da vida na Alta Idade Media (a vida dos nobles, a coroación do Emperador, as malas colleitas...) 5. Debuxa a pirámide correspondente á sociedade estamental e establece diferenzas entre os grupos.	.
	4. A cultura e a arte do Románico	B3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. B3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.	1. Sitúa no tempo e no espazo: a aparición do Románico en Europa e a relación cas rutas de peregrinaxe. 2. Define termos relativos á unidade: transepto, ábsida, bóveda de canón, planta de cruz latina… 3. Traballo con imaxes: debuxa a planta de unha catedral románica (Santiago de Compostela, por exemplo) e sitúa as súas partes. 4. Traballo con imaxes: debuxa unha portada e sitúa as súas partes.	1. Identificas as causas que propician a aparición do Románico. 2. Identificar as características propias da arquitectura románica. 3. Identificar as diferenzas e sinalar con corrección as partes de unha igrexa románica en planta e alzado. 4.Identificar e sinalar as partes de unha portada románica. 5. Coñecer as características da escultura e da pintura románica, asi coma o seu carácter didáctico.

Avaliación	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Concreción dos estándares de aprendizaxe	Mínimos esixidos
PRIMEIRA		B3.12.1. Describe características da arte románica, gótica e islámica.	5. Establece relacións entre a arte románica e a arte romana. 6. Comentario de obras de arte: interior da catedral de Santiago de Compostela; Pantócrator de S. Clemente Tahull; estatuas do Pórtico do Paraíso... 7. Comentario de textos a cerca da vida nos mosteiros.	.
SEGUNDA	**5. A orixe dos primeiros reinos peninsulares (s. VIII-XIII)**	B3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. B3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. B3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. B3.10.1. Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiás na Península Ibérica.	1. Sitúa no tempo: realiza un eixe cronolóxico situando os diferentes reinos peninsulares e os acontecementos máis salientables. 2. Sitúa no espazo: completa mapas onde se observe a aparición dos primeiros reinos cristiánss (s. VIII-IX) e a súa expansión territorial (s. XI-XIII)	1.Localizar no espazo os diferentes reinos cristiáns na Península Ibérica e a evolución das súas fronteiras ata o século XIII. 2. Identificar os factores que favorecen a reconquista e os diferentes sistemas de repoboación. 3. Coñecer as causas que favorecen a aparición e a evolución do reino de Galicia ata a súa integración no reino de León.

Avaliación	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Concreción dos estándares de aprendizaxe	Mínimos esixidos
S E G U N D A	**5. A orixe dos primeiros reinos peninsulares (s. VIII-XIII)**	B3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. B3.6.1. Utiliza as fontes históricas e entende os límites do que se pode escribir sobre o pasado. B3.10.2. Explica a importancia do Camiño de Santiago.	1. Define termos relativos á unidade: repoboación, foro, concello, presura… 2. Traballo con textos onde aparezan diferentes versións do mesmo acontecemento histórico (Ex: a batalla de Covadonga; a batalla de Simancas…) e extracción de conclusións. 3. Traballo con textos: os modelos de repoboación. Por exemplo: a repoboación de Toledo. 4. Traballo de búsqueda de infomación: a evolución do reino de Galicia durante os séculos XI – XII e a importancia do Camiño de Santiago.	. 4. Recoñecer a importancia do Camiño de Santiago como foco de transmisión da cultura occidental.
	6. Os grandes reinos peninsulares (s. XIII-XV)	B3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. B3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	1. Sitúa no tempo: eixe cronolóxico situando os acontecementos máis importantes dos reinos de Castela e Aragón.	1. Identificar no espazo a evolución dos reinos peninsulares ata a configuración existente no século XV: Castela, Aragón, Navarra, Portugal, Reino Nazarí de Granada.

Avaliación	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Concreción dos estándares de aprendizaxe	Mínimos esixidos
S E G U N D A	**6. Os grandes reinos peninsulares (s. XIII-XV)**	B3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. B3.10.1. Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiás na Península Ibérica. B3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. B3.6.1. Utiliza as fontes históricas e entende os límites do que se pode escribir sobre o pasado.	2. Sitúa no espazo: completa mapas onde se observe a expansión dos reinos cristiáns peninsulares dende o século XIII ata o mapa da Península no século XV. 3. Define termos relativos á unidade: Mesta, trashumancia, irmandade, remença, Cortes… 4. Traballo de indagación: cómo afectou á crise da Baixa Idade Media ós reinos peninsulares a partir do traballo con fontes documentais (o impacto da Peste Negra; a rebelión da remança en Aragón; as Guerras Civiles en Castela; as revoltas Irmandiñas en Galicia) 5. Comentario de textos: que reflictan a sociedade e a economía deste momento: Repoboación mediante doazóns de terras; Instauración das Cortes de León; Os privilexios da Mesta; As Revoltas irmandiñas...	. 2. Situar no tempo e no espazo os acontecementos máis importantes dos reinos de Castela e Aragón. 3. Identificar as diferenzas políticas, económicas e sociais existentes entre os reinos de Castela e Aragón. 4. Identificar as causas e as consecuencias da crise da Baixa Idade Media nos reinos penínsulares: Guerras Civiles en Castela, A revolta dos Remenças en Aragón e os Irmandiños en Galicia.

Avaliación	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Concreción dos estándares de aprendizaxe	Mínimos esixidos
S E G U N D A	**7. As cidades da Europa medieval**	B3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. B3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. B3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. B3.6.1. Utiliza as fontes históricas e entende os límites do que se pode escribir sobre o pasado.	1. Sitúa no tempo: eixe cronolóxico onde se representen as diferentes etapas da Idade Media e os acontecementos máis salientables. 2. Define termos relativos á unidade: gremio, burgués, cruzadas, arado normando, rotación trienal… 3. Comentario de documentos que expliquen os factores da recuperación urbana: a expansión agraria, táboa sobre a evolución da poboación europea e mapa cas principais rutas comerciais, por exemplo 4. Traballo de indagación: búsqueda de información acerca de cómo era unha cidade do século XIII-XIV (Anveres, Bruxas...) e os modos de vida da burguesía (Por exemplo, a partir da pintura O Matrimonio Arnolfini)	. 1. Identificar os factores que favoreceron a expansión urbana do século XIII. 2. Identificar os factores que impulsaron a recuperación do comercio en Europa. 3. Coñecer as causas que favorecen o auxe económico e social da burguesía. 4. Coñecer as causas e consecuencias nas que desembocaron na crise da Baixa Idade Media: crise agrícola, Peste Negra e descenso demográfico e as revoltas campesiñas.

Avaliación	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Concreción dos estándares de aprendizaxe	Mínimos esixidos
S E G U N D A	**7. As cidades da Europa medieval**	B3.11.1. Comprende o impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais europeas.	5. Comentario de documentos que expliquen as causas da crise da Baixa Idade Media en Europa: texto sobre a suba do prezo do pan; mapa da Peste Negra e táboa con datos demográficos; escenas e textos sobre as jacqueries.	.
	8. A cultura e a arte do Gótico	B3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. B3.6.1. Utiliza as fontes históricas e entende os límites do que se pode escribir sobre o pasado.	1. Define termos relativos á unidade: universidade, arcobotante, contraforte, rosetón, retablo… 2. Establece comparacións entre termos: bóveda de canón/ bóveda de cruzaría; arco de medio punto/arco oxival… 3. Traballo con textos que amosen o renacer cultural do século XIII. 4. Traballo con documentos: comentarios de textos acerca da búsqueda expresa da Beleza no Gótico e a diferencia da intención didáctica románico. Explo: textos de Suger de Saint Denis.	1. Identificar as causas que favoreceron a aparición da arte e cultura góticas. 2. Establecer diferencias entre a arte románica e gótica. 3. Identificar as principais novidades arquitectónicas que supón a arte gótica. 4. Coñecer as características da escultura e pintura góticas e o seu interés pola búsqueda da Beleza

Avaliación	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Concreción dos estándares de aprendizaxe	Mínimos esixidos
S E G U N D A	**8. A cultura e a arte do Gótico**	B3.12.1. Describe características da arte románica, gótica e islámica.	1. Traballo con imaxes: sitúa sobre unha imaxe muda as partes dunha catedral gótica. 2. Comentario de obras de arte: interior de Notre Dame de Paris, fachada da catedral de Reims, Anxo da Anunciación de Reims, Virxe Branca da Catedral de Toledo, cuadros de Giotto. 3. Actividade de síntese: comparativa das pinturas entre o Pantócrator de San Vicente Tahull e a lamentación sobre o corpo de Cristo, de Giotto. 4. Organización da información: realización de unha táboa comparativa entre o Románico e o Gótico (arquitectura, pintura e escultura)	.
T E R C E I R A	**9. Introdución ao espazo xeográfico**	B1.1.1. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa de España e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xeográficas.	1. Traballo con mapas: sitúa nun mapa diferentes lugares (O Porriño, Madrid, Barcelona...) ca axuda das coordenadas xeográficas.	1. Localizar nun mapa de España diferentes lugares coa axuda das coordenadas xeográficas. 2. Localizar nun mapa físico as principais cordilleiras e ríos de España.

Avaliación	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Concreción dos estándares de aprendizaxe	Mínimos esixidos
T E R C E I R A	**9. Introdución ao espazo xeográfico**	B1.2.1. Enumera e describe as peculiaridades do medio físico español e galego B1.3.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español. B1.3.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de España. B1.4.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo galego. B1.4.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de Galicia. B1.5.1. Localiza nun mapa os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos de España. B1.5.2. Analiza e compara as zonas bioclimáticas españolas utilizando gráficos e imaxes. B1.5.3. Localiza nun mapa os espazos bioclimáticos de Galicia. B1.6.1. Distingue e localiza nun mapa as paisaxes de España e de Galicia.	2. Traballo con mapas: sitúa as principais unidades do relevo de España. 3. Traballo con mapas: sitúa as principais unidades do relevo de Galicia. 4. Traballo con mapas: debuxa e sitúa mediante tramas diferentes os grandes espazos bioclimáticos de España. 5. Traballo con documentos: compara e analiza gráficas e imaxes de dous ou mais áreas bioclimáticas (Canarias e Mediterráneo; Mediterráneo e Atlántico...) 6. Localiza e compara os trazos dos espazos bioclimáticos gelagos, por exemplo: costa atlántica e Galicia de interior.	. 3. Localizar nun mapa físico de Galicia as principais cordilleiras, rías e rios de Galicia. 4. Identificar con corrección os diferentes espazos bioclimáticos de España..

Avaliación	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Concreción dos estándares de aprendizaxe	Mínimos esixidos
T E R C E I R A	**10. Os habitantes do planeta**	B2.1.1. Localiza no mapa mundial os continentes e as áreas máis densamente poboadas. B2.1.2. Explica o impacto das ondas migratorias nos países de orixe e nos de acollemento. B2.2.1. Explica as características da poboación europea. B2.2.2. Compara entre países a poboación europea segundo a súa distribución, a súa evolución e a súa dinámica.	1. Localiza e cita no mapa as áreas de maior e menor densidade de poboación da Terra. 2. Traballo de síntese: factores que inciden na distribución da poboación sobre o territorio. 3. Comprensión de procesos: explica as causas e consecuencias dos movementos migratorios. 4. Traballo con documentos: analiza e explica as fases do modelo de transición demográfica. Causas e consecuencias. 5. Aplica a última fase do modelo de transición demográfica para analizar as características da poboación europea actual. 6. Traballo con documentos: compara distintas pirámides de poboación (ex.: China e Finlandia): distribución por sexo, idade... 7. Define termos relativos á unidade, coma densidade de poboación; migración, emigrante, poboación activa, crecemento natural...	. 1. Localizar nun mapamundi político as áreas de maior e menor densidade de poboación. 2. Identificar as causas e consecuencias que orixinan os fenómenos migratorios. 3. Identificar as características da poboación europa a partir da análise de unha pirámide de poboación. 4. Coñecer o modelo de transición demográfica e aplicalo ó exemplo de diferentes países, explicando causas e consecuencias.

Avaliación	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Concreción dos estándares de aprendizaxe	Mínimos esixidos
T E R C E I R A	**11. A poboación española**	B2.3.1. Explica a pirámide de poboación de España e das súas comunidades autónomas. B2.3.2. Analiza en distintos medios os movementos migratorios nas últimas tres décadas en España. B2.4.1. Coñece o proceso da emigración galega, as súas etapas e os destinos principais. B2.1.2. Explica o impacto das ondas migratorias nos países de orixe e nos de acollemento.	1. Identifica e localiza nun mapa as unidades de división política e administrativa do territorio español. 2. Traballo con documentos: compara e comenta a pirámide de España en 1970 e 2015. 3. Traballo con mapas: comenta o mapa anamórfico da poboación española en 2015. 4. Traballo con documentos: analiza a estrutura da poboación española e galega comparando mapas e gráficos diversos sobre a evolución da natalidade e mortalidade desde principios do século XX. 5. Traballo con documentos: comenta mapas de fluxos nos que se representen as correntes migratorias en España dende 1970. 6. Comprensión de procesos: explica as causas, etapas e destino da emigración galega dende finais do século XIX. 7. Comprensión de procesos: porque se fala da diversidade das sociedades de Europa e Galicia?.	1. Localizar nun mapa político as comunidades e cidades autónomas, provincias e capitais españolas. 2. Identificar as características actuais da poboación española a partir do comentario de unha pirámide de poboación. 3. Identificar as características actuais da poboación galega a partir do comentario de unha pirámide de poboación. 4. Recoñecer as características das paisaxes humanizadas españolas.

Avaliación	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Concreción dos estándares de aprendizaxe	Mínimos esixidos
T E R C E I R A	**11. A poboación española**	B2.9.1. Clasifica as principais paisaxes humanizadas españolas a través de imaxes.	8. Comenta diversos textos e gráficos nos que se represente a os trazos demográficos de países de orixe e acollemento, as achegas da inmigración ó PIB, a poboación inmigrante activa segundo os sectores económicos... 9. Traballo de síntese e comparación: compara imaxes e indica as características das paisaxes humanizadas españolas.	.
	12. As cidades e os procesos de urbanización	B2.5.1. Realiza un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo. B2.5.2. Sitúa no mapa do mundo as vinte cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica a súa posición económica.	1. Define termos relativos á unidade: cidade, trama regular, ensanche, periferia urbana, conurbación, especulación do solo... 2. Traballa con documentos: realiza un gráfico de barras que reflicta o proceso do crecemento urbano no mundo. 3. Traballo con mapas e síntese: localiza e sitúa as cidades con maior número de habitantes e explica porque se atopan nos seus continentes.	1. Localizar nun mapamundi político as vinte cidades máis poboadas do mundo. 2. Localizar nun mapa de Europa as principais cidades europeas. 3. Recoñecer as características económicas das vinte cidades máis poboadas do mundo. 4. Coñecer as caracetrísticas propias do medio urbano. 5. Identificar as diferentes funcións urbanas e citar exemplos de cada unha delas.

Avaliación	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Concreción dos estándares de aprendizaxe	Mínimos esixidos
T E R C E I R A		B2.6.1. Resume elementos que diferencien o urbano e o rural en Europa. B2.6.2. Distingue os tipos de cidades do noso continente. B2.7.1. Interpreta textos que expliquen as características das cidades de España e de Galicia, axudándose de internet ou de medios de comunicación escrita.	4. Traballo con imaxes: compara duas paisaxes urbanas de países de distinto nivel de desenvolvemento (Nova York e Nova Delhi, por exemplo). 5. Traballo con imaxes: compara e comenta unha paisaxe urbana (Londres, Madrid, Paris...) e unha paisaxe rural (algún pobo galego, irlandés, da bretaña...) e establece diferenzas. 6. Explica e pon exemplos das diferentes funcións urbanas existentes. 7. Traballo con documentos: busca un mapa de diferentes cidades coñecidas polo alumnado e identifica nel o tipo de trama, a xeometría da cidade (centro histórico, ensanche e periferia) 8. Traballo de búsqueda de información: busca na prensa ou en internet características dalgunhas cidades galegas e	.

Avaliación	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Concreción dos estándares de aprendizaxe	Mínimos esixidos
		B1.7.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais en España e en Galicia, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.	españolas coñecidas polo alumnado (Vigo, Madrid...) 9. Traballa cas TICs: busca información e reflexiona acerca dos problemas que presentan moitas cidades na actualidade.	.
T E R C E I R A	**13. Natureza e sociedade: harmonías, crises e impactos**	B1.7.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais en España e en Galicia, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.	1. Comprensión de procesos: establece relacións entre a presencia humana e a sua dependencia respecto da natureza. 2. Traballo de indagación: busca en diferentes medios de comunicación novas acerca de problemas ambientais mais ou menos recentes existentes en Galicia e España (contaminación dos ríos, incendios, contaminación dos mares e ecosistemas...) 3. Traballo de síntes e exposición: ca información obtida, elabora unha presentación onde expoñas estes problemas.	1. Coñecer os principais problemas ambientais existentes na actualidade. 2. Localizar e identificar os principais espazos protexidos de España. 3. Identificar as principais características económicas, demográficas e sociais dos países desenvolvidos e subdesenvolvidos do mundo. 4. Identificar as relacións entre as actividades económicas e a alteración da paisaxe por parte do home.

Avaliación	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Concreción dos estándares de aprendizaxe	Mínimos esixidos
T E R C E I R A	**13. Natureza e sociedade: harmonías, crises e impac**	B2.8.1. Sitúa os parques naturais españois nun mapa, e explica a situación actual dalgúns deles. B2.8.2. Elabora gráficos de distinto tipo (lineais, de barra e de sectores) en soportes virtuais ou analóxicos, que reflictan información económica e demográfica de países ou áreas xeográficas a partir dos datos elixidos. B2.10.1. Compara paisaxes humanizadas españolas segundo a súa actividade económica.	4. Localiza nun mapa os espazos naturais protexidos en España (parques naturais, reservas, áreas mariñas...). 5. Traballo con gráficos: elabora gráficos de liñas cas características eonómicas e demográficas dos países desenvolvidos e subdesenvolvidos. 6. Compara duas paisaxes humanizadas: a costa mediterránea (Benidorm) e o norte peninsular (Asturias) e establece relacións entre cada paisaxe e a actividade económica dominante.	.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Obxectivos:

- Coñecer a situación de partida dos compoñentes que inciden no proceso no momento en que se propón a avaliación.
- Facilitar a formulación dun modelo de actuación adecuado ao contexto, en función dos datos anteriores.
- Seguir a evolución do desenvolvemento e aprendizaxe do alumnado.
- Tomar as decisións necesarias para adecuar o deseño e desenvolvemento da nosa acción educadora ás necesidades e logros detectados nos alumnos nos seus procesos de aprendizaxe.
- Prestarase atención ao progreso individual que realiza cada alumno/a, en relación consigo mesmo/a, e en relación coa medida do grupo-clase. Estableceremos tres fases neste proceso de avaliación:
- Avaliación inicial, ó principio do curso e ó comezo de cada unidade, que servirá para establecer o punto de partida mediante breves cuestionarios e preguntas moi concretas...
- Avaliación formativa, que non se cualificará e se orientará hacía o establecemento de relacións, causas e efectos , á confección de mapas, comentario de imaxes, gráficos e textos. Ademais faranse propostas de mellora orientadas a incrementar o rendimento.
- Avaliación sumativa ó final do proceso, que si é necesario cualificar. Valorarase tanto o que o alumnado sabe, como o que sabe facer, tanto o que o alumnado traballa como o esforzo realizado e tanto o traballo na aula como fora dela.

  As probas da avaliación caracterizaranse por axustarse ó aprendizaxe, tanto en contidos como en capacidades.

Procedementos de avaliación:

- Os relacionados coa localización, periodización e comprensión de conceptos.
- A relación entre fenómenos.
- Os que reflicten ou valoren a expresión do alumnado, a comprensión de mensaxes, a utilización crítica das fontes de información o seu alcance, a adaptación o seu vocabulario do aprendido.
- Desenvolvemento de diferentes habilidades (esquematizar, confeccionar croquis ou mapas conceptuais, resumir...).

Tipos de probas para a avaliación por competencias:

- De ensaio: nas cales se plantexa unha situación novidosa ou orixinal, cuxa resolución dependerá do aprendido ata ese momento. Exemplo: xogos de simulación.
- Abertas: elaboración de temas amplos, comentarios de textos, gráficos, series estatísticas, imaxes, mapas nos cales especificarase o que queremos que se inclúa, de forma que a súa corrección e puntuación poida ser a máis obxectiva posible. Evitaranse contestacións ó azar, darase tempo suficiente para a realización das probas e a fácil interpretación das instrucións e preguntas.
- Pechadas: definicións, evocación mediante texto incompleto, de correspondencia, asociación, de dúas alternativas, de selección múltiple...

A estas probas sempre seguirá a corrección na clase co alumnado para que este comprenda os fallos cometidos ou os aspectos que se deben mellorar e os vaian superando.

Instrumentos de avaliación:

- Exames: como mínimo dous por avaliación.
- Tratamento da información (utilizando os recursos das bibliotecas en material impreso como os recursos de internet) : busca, localiza, explica, analiza, sintetiza, memoriza, ten sentido crítico.
- Técnicas instrumentais: toma notas aínda que non sexa obrigatorio, interpreta e fai cadros, gráficos, estatísticas, etc. Interpreta planos e mapas, aclara vocabulario e todo isto reflectido no caderno de clase.
- Traballos: poderán presentarse de maneira oral o escrita, individuais o en pequeño grupo. Neles valorarase o espírito investigador, a planificación, elaboración e o aporte de ideas creativas, a limpeza, o coidado , a orde nos traballos e a súa entrega nos prazos que se determinen. Valorarase a realización dos traballos voluntarios que se propoñan.

Ferramenta de Avaliación	Peso na cualificación
- Probas escritas: dúas como mínimo (nota media)	70%
- Actividades escritas e cuestións orais de cada unidade, que requiren traballo na casa	15%
- Participación na clase: preguntas, comentarios de imaxes, gráficos, textos...	5%
- Caderno de traballo: distribución, orde, redacción...	5%
-Actividades de ampliación, uso da biblioteca, internet...	5%

Ferramentas comúns para a avaliación competencial

Rúbrica para avaliar a redacción e presentación de traballos escritos e rúbrica para exposición oral de traballos utilizando recursos dixitais (presentacións).

Utilizaremos catro niveis de cualificación: excelente (4), moi ben (3), ben (2), regular (1).

Para avaliar a redacción e presentación de traballos escritos, utilizaranse os seguintes indicadores de logro: redacción, ortografía, extensión, contido, argumentación de ideas, presentación e limpeza, tempo de entrega.

Para avaliar a exposición oral de traballos utilizando recursos dixitais, utilizaranse os seguintes indicadores do logro: presentación formal valorando as diapositivas, e a expresión oral (non leída, fluída, interesante, creativa, vocabulario preciso...)

Á hora de cualificar as ferramentas utilizadas teranse en conta tamén os seguintes aspectos:

- Correcta exposición de contidos, utilización de léxico adecuado e claridade de conceptos.
- Capacidade de síntese e de relacionar os diferentes aspectos estudados.
- Correcta utilización da lingua escrita así como da ortografía.(penalizaranse tanto a defectuosa redacción como os faltas de ortografía . Penalizarase con 0,10 puntos cada erro ortográfico).
- Capacidade de analizar e comentar documentos de análises (gráficas, táboas estatísticas, mapas, fotografas etc.) e de relacionalos correctamente cos temas estudados, extraendo a

información que axude a comprendelos.

- Progreso na aprendizaxe dos contidos propostos, medido fundamentalmente nas probas escritas.

Peso das ferramentas de avaliación na cualificación. (Por trimestre)

Tódalas cualificacións parciais terán unha nota máxima de 10 puntos, a avaliación considerarase negativa se a nota é inferior a 5 puntos.

Nas probas escritas será preciso acadar como mínimo un 3 en cada unha delas para facer a nota media. En ditas probas estableceranse cualificación diferenciadas en función das cuestións plantexadas, sendo algunhas delas obrigatorias. Non realizar as cuestións obrigatorias, implicará a non corrección do exame e polo tanto unha cualificación negativa.

A cualificación final obterase realizando a media ponderada das cualificacións parciais e tendo en conta os seus pesos indicados na táboa anterior; se a media é igual ou superior a 5 puntos, considerarase avaliación positiva e polo tanto obxectivos acadados.

Unha vez rematado o período regular, o alumnado que acade cualificación positiva nos tres trimestres, haberá superado o curso. O alumnado que teña as tres avaliacións con cualificación negativa non terá ningunha posibilidade de recuperación ata a proba extraordinaria de setembro. O alumnado con unha ou dúas avaliacións con cualificación negativa, teñen a opción de presentarse a unha proba específica con contidos correspondentes ás avaliacións non superadas. Se obteñen cualificación positiva nesta proba, haberán superado o curso; de non ser así terán que presentarse a proba extraordinaria de setembro, que versará sobre os contidos de todo o curso.

O alumnado pode perder o dereito a avaliación continúa cando haxa un abandono da asignatura. Considerase “abandono” cando concurran as circunstancias seguintes:

- Non asistir a clase de maneira regular o faltar a clase (sen xustificación) o dobre de días que a materia ten por semana, sendo estas faltas computables para todo o ano e non para o trimestre.

  Este alumnado terá dereito a facer unha proba final de toda a materia en xuño e se non a supera, en setembro.

Concrecións metodolóxicas

1. Introdución á unidade temática -Remuíño de ideas. -Ocasionalmente, visionado dalgún documental ou película alusiva ao tema. -Enfoque espazo-temporal dos feitos históricos que se van abordar.

2. Desenvolvemento -Lectura reflexiva da información aportada polo libro de texto. -Comentario analítico das imaxes. -Selección no texto da información que o alumnado debe coñecer e das ha de realizar para acadar os obxectivos referidos na programación. -Exposicións orais -Traballos monográficos que supoñan un traballo de investigación a cargo do alumno/a. (Alomenos, un anual) -Visionado de Imaxes:

- Xeografía: Observación de vídeos e imaxes de paisaxes e localizacións que ilustren o tema.
- Arte: Visionado de imaxes correspondentes aos movementos artísticos estudados en cada momento.

-Saídas educativas programadas polo departamento, preparadas previamente polo profesor, que conleven unha posterior realización de actividades do alumno/a. Ás veces realízanse en colaboración con outro departamento. -Actividades do caderno de traballo: Respostar preguntas sobre o tema estudado, elaboración de gráficos, pequenos comentarios de texto...

-Confección de esquemas. -Elaboración ou cumplimentación de mapas. -Actividades “on-line” a realizar na aula de informática -Concursos. (Un por trimestre)

Materiais e recursos

Os materiais utilizados serán:

- O libro de texto da editorial Vicens Vives para 2º ESO: CSXH, Xeografía e Historia
- O caderno da clase
- Material audiovisual e dixital
- Material cartográfico
- Material impreso